

29-S / CULTURA

## Manuel Rivas: “O escritor é cada vez máis clase obreira”

Zapatero perde apoio entre os creadores  
dous anos despois da campaña “da cella”

### CRÓNICA

IAGO MARTÍNEZ  
GALICIA

iago.martinez@xornaldeg Galicia.com



Manuel Rivas non escribiu unha soa liña onte. Pensounas, bromea, pero coidándose de facelo “lonxe da ferramenta”. O escritor, que empeza a promoción de *Todo é silencio* (Xerais), a súa nova novela, tamén secundou o paro xeral do 29-S. Puxo a súa literatura en folga. Na rúa, “onde hai que estar, para verse e tocarse, porque é revolucionario neste tempo de papanatismo virtual”. Entre as catro mil persoas da manifestación convocada pola CIG na Coruña e por máis razóns que a reforma laboral de Zapatero: “Por unha cuestión de cidadanía democrática. Contra o esfaramento do valor do traballo, o capitalismo de predador e a cobiza impaciente. Por razóns humanitarias, vaia”.

O de Monte Alto, como a Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG) que preside Antonio Durán Morris, onte pechada, figuraba entre os asinantes do manifesto impulsado en Madrid pola Unión de Actores e outros colectivos profesionais vinculados á música, o audiovisual e as artes escénicas. Os mesmos que abiron o martes á noite os actos reivindicativos da folga xeral na praza madrileña de Santa Ana. Aqueles que en 2008 apoiaron publicamente o líder socialista e agora moven ficha en defensa dun modelo cultural que valore a dignidade do traballo, lle dea prioridade ao tecido social sobre o beneficio especulativo e respecte a cultura como ben público. “Ser cultos para ser libres”, así se despiden do seu manifesto.

O dos artistas “da cella”, como os acumulou despectivamente a dereita mediática, foi o único xesto conxunto dos traballadores da cultura ante a convocatoria dos sindicatos. Galicia non diferenciou a súa voz esta vez, malia a que, como recorda Morris, os actores, cineastas, escritores e dramaturgos do país andan á lea coa súa propia casuística, marcada polos recortes orzamentarios e o acoso da Xunta ao que para moitos é o seu medio de vida: a lingua galega. O


actor vigués, como Rivas, tamén acompañou a ferramenta no 29-S. Deixou na casa a Delmiro, o alcalde de Louredo que interpreta na serie *Padre Casares*, e secundou a folga cos seus compañeiros de reparto. “Foi unha protesta xusta, serodía pero xusta. Agora habería que traballar por unha fronte común máis ampla en Europa, porque a reforma laboral vénlle ditada ao Goberno”.

A de Morris non foi a única gravación que se paralizou. Tampouco avanzaron, entre outros, os equipos de *Matalobos*, a serie de Televisión de Galicia, e *Piratas*, a produción que Tele 5 prepara dende finais do verán en Galicia. Con todo, nin a asociación de actores nin Agapi, onde se agrupan unhas trinta produtoras, fixeron seguemento do paro. Nin sequera a Consellería de Cultura podía ofrecer datos precisos a última hora da tarde. No extremo contrario dos profesionais da dobraxe. Antón Rubal, presidente de Apradoga e voceiro da metade destes profesionais da voz, uns 120, púxolle números á protesta: entre un 80 e un 90%. “É un sector tradicionalmente bastante concienciado”.

### “CHAMADA Á CONCIENCIA”

Con Rivas compartiu percorrido na Coruña o poeta Cesáreo Sánchez Iglesias, presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG). “Vai sendo hora de que o mundo da cultura acorde de vez e se faga valer”, explica. “Sobre todo porque en situacións como a actual, onde primeiro se recorta é na cultura. Considérase un territorio subvencionado, cando non é certo. Achega un 2% ao PIB de Galicia, e en Cataluña un 3%. Un país sen cultura é un país sen futuro, e se ningún lugar ten sentido unha folga xeral é aquí. Xa empezo a botar de menos unha chamada á conciencia”.

A asociación de escritores, pechada durante todo o día por decisión dos seus traballadores, tomou posición no 29-S. Fíxolles chegar aos seus asociados as convocatorias dos sindicatos maioritarios, documentación sobre a polémica reforma laboral e un comunicado oficial favorable á protesta. Fíx-



Os traballadores da cultura abiron os actos reivindicativos en Madrid na noite do martes

EFE

O actor vigués Antonio Durán Morris cre que “foi unha protesta xusta, talvez serodía pero xusta”

rono sós, como a maioría dos axentes culturais. Non houbo nin manifesto conxunto nin acto unitario. A cultura non tivo en Galicia o papel que lle concederon os organizadores en Madrid, onde abiron o programa con música ao vivo e palabras de orde.

“Hai un certo esgotamento da fórmula”, apunta o editor Manuel Bragado, dende o pasado mes de xullo presidente do gremio en Galicia. “Levamos xa algún tempo metidos nunha mobilización constante, sexa pola lingua, sexa polos recortes orzamentarios, e iso desgasta. Tampouco axuda a falta de unidade sindical. Sería un bo estímulo para a resposta social, pero isto é soamente unha hipótese”. Rivas concorda co diagnóstico. O escritor coruñés tamén cre que ese “estado de vixilia permanente” pode chegar a ser

un pulso inasumible para os creadores. “Desta vez, con todo, ese esforzo estaría xustifico. Os escritores somos cada vez máis clase obreira: traballamos coas mans e traballamos todo o día”.

A Bragado, despois de todo, a protesta de onte parecíalle necesaria. “Era preciso que a cidadanía reaccionase ante unha situación que está a mermar os dereitos laborais das persoas e que no futuro pode ocasionar tamén unha perda de dereitos sociais. Canto ao papel da cultura, é certo que a reforma laboral é unha cuestión que atinxe a toda a cidadanía, pero nada que lle suceda á cidadanía lle pode ser alleo aos traballadores das industrias culturais. Outra cousa é que a folga xeral fose eficaz, porque a raíz do problema está lonxe do Goberno español. Dirímese noutra parte”.